

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 2200/433. (exp. rel: 2222/433)

ASUNTO: INFORME PROPOSTA RESOLUCIÓN
DECLARACIÓN DE DESERTO

TITULAR: XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS HISTÓRICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024. (EXPTE 2200/433)

O día 17/12/2024, o xefe dos Servizos Centrais da XMU co conforme do Xerente da XMU emitiu o seguinte Informe-Proposta de resolución:

“ ANTECEDENTES

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda en resolución de data 30.04.2024, resolveu aprobar a convocatoria para o outorgamento de axudas para a instalación de iluminación de edificios catalogados para o período 2024-2025, ó tempo que se autorizou o gasto por importe de 20.000 € para o ano 2024. A resolución foi tomada en coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 07.05.2024

O inicio do cómputo do prazo establecido para achegar solicitudes, veu determinado pola publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 108 do 04.06.2024), a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (Identif.): :764891.

Durante o prazo establecido ao efecto, achegouse unha solicitude.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, requiriuse a persoa interesada para que emendara a documentación achegada.

Unha vez feito o requirimento e finalizado o prazo de emenda de solicitudes, reúnese a Comisión de Valoración, de conformidade co art. 21 LSG para proceder ao estudo da única solicitude achegada por MARÍA BIBIANA LÓPEZ VIÉITEZ para a edificación situada na rúa Simancas núm. 28, así como para á comprobación do cumprimento de requisitos da beneficiaria e da edificación, á verificación da achega da documentación preceptiva e á avaliación da mesma, de acordo co establecido nas bases reguladoras. O resultado desta avaliación concretouse no acta que reflicte o acordo adoptado ao respecto, asinada en data 13.12.2024

No citado acta recóllese que no requirimento efectuado a solicitante advertíasele que: “Consta licenza de obras en expte núm: 119874/421, con informe favorable para execución de obras de rehabilitación e acondicionamento no edificio existente na rúa Simancas 28, se ben non se xustifica na memoria do proxecto autorizado obras de iluminación de fachadas, polo que non constitúe título habilitante para as mesmas”, para poder obter a subvención, debería quedar acreditado que a actuación subvencionable dispón de título habilitante para a súa realización (base 13ª d), sen que, ao día da data, conste a mesma.

A consecuencia do exposto, a Comisión de Valoración, pola unanimidade dos seus membros, acordou propoñer ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento de concesión das axudas para a instalación de iluminación en Edificios Catalogados para o exercicio 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Primeira.- A base 17ª das da convocatoria, cita, entre as obrigas das persoas beneficiarias da subvención as recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o cumprimento das bases reguladoras do procedemento.

Segunda.- De conformidade coa base 13º d), a conta xustificativa das subvencións outorgadas conterá a seguinte documentación e información: Copia simple do título habilitante necesario para a realización da actuación.

Por tanto, non presentándose pola interesada dentro do prazo previsto nas bases reitoras da subvención a citada documentación, segundo consta acreditado na Acta-Informe da Comisión de Valoración do 13.12.2024 é polo que levaría a perda do dereito de cobro da subvención e a consecuente declaración de deserto do procedemento ao ser a única solicitude formulada.

Terceira.- En virtude do disposto na base 8ª e) da subvención, a resolución do procedemento corresponde á Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ao abeiro do establecido na delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Concelleira de Área de Urbanismo e Vivenda, de data 04/07/2023 e do establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, previa fiscalización polo servizo de intervención.”

De acordo con esta proposta,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar a perda do dereito de cobro a MARÍA BIBIANA LÓPEZ VIÉITEZ. ao non presentar dentro do prazo outorgado para elo o título habilitante necesario para a realización da actuación na edificación situada na rúa Simancas núm. 28, de conformidade coa base 13º d) da convocatoria da subvención.

SEGUNDO: Declarar deserta a convocatoria do procedemento para o outorgamento de axudas para a instalación de iluminación de edificios catalogados para o exercicio 2024 ao non presentarse máis solicitudes a aquela.

TERCEIRO: Cumprindo co disposto no art. 20.8.b) da LXS e Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado,co obxecto de contribuír ós principios de publicidade e transparencia, **COMUNICAR Á BDNS**, para a inclusión na súa páxina web as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiario, cantidade concedida, obxectivo ou finalidade da subvención, con expresión dos proxectos subvencionados.

CUARTO: En aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, **PUBLICAR** a axudas concedidas, no **Portal de Transparencia** do Concello de Vigo, así como, na sede electrónica da Xerencia Municipal de Urbanismo e no taboleiro de anuncios desta XMU.

QUINTO: NOTIFICAR o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, ás persoas interesadas, coa indicación expresa de que, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o mesmo pode ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). No caso de interpor o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Dgc/

No lugar e data da sinatura dixital

A CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E VIVENDA
(Acordo XGL 04/07/2023)
María José Caride Estévez

DOU FE,
Secretario da XMU
José Villán Fuertes